



Os responsables da nova campaña da APDR chaman á cidadanía a aplicar o "principio de precaución". C. N.

A APDR advirte dos prexuízos que poden causar os móbiles para nenos

■ A Asociación Pola Defensa da Ría (APDR) manifestouse en contra do uso da telefonía móbil polos cativos, e apelou ó "principio de precaución" que recomendan distintas instancias gubernamentais e aca-

démicas ante a concentración de ondas electromagnéticas que emiten estes aparellos. O colectivo ecoloxista está a desenvolver unha campaña que se basea no reparto de folletos informativos. > 06

Continua na seguinte páxina →

CAMPAÑA DA ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA

A APDR pide “precaución” á hora de mercar móbiles a nenos

Denuncian que as empresas se dirixen ós cativos por ser vulnerables

A Asociación Pola Defensa da Ría (APDR) manifestouse en contra do uso da telefonía móbil polos cativos, e apelou ó “principio de precaución” que recomentan distintas instancias gubernamentais e académicas ante a concentración de ondas electromagnéticas que emiten estes aparellos.

REDACCIÓN > PONTEVEDRA

■ Xulio Carmona e Xacobe Díez son os portavoces da APDR nesta campaña informativa, que se baseará na distribución de folletos e dípticos onde se recollen resultados de estudos internacionais e valoracións de expertos desaconsellando o emprego dos móbiles entre a poboación infantil.

Os representantes da asociación indicaron que Pontevedra experimentou un “crecemento espectacular” no uso xeral deste tipo de telefonía e, no relativo ós nenos, denunciaron os casos dunha tenda de xoguetes da cidade que oferta estes teléfonos e dun centro de ocio infantil que os publicita entre os usuarios.

A APDR critica que as compañías de telefonía e os seus distribuidores se encamiñen cara os cativos por “intereses industriais e financeiros, fronte ó interese xeral



Os responsables da APDR presentaron a nova campaña informativa. C.N.

da saúde pública” e chaman a atención sobre a falta de regulación ó respecto. Sosteenen que as empresas queren “ampliar a súa cota de mercado a costa dos nenos, que son os máis vulnerables”, como “clientes cegos”.

A campaña que vén de iniciar a plataforma co reparto dos dípticos informativos nos centros escolares e nas rúas pretende aportar o máximo de datos posibles para que os clientes poidan exercer un “consumo responsable”. Deste xeito, chaman a un “uso racional” do móbil e “sen alarmismo” amo-

san os resultados de distintos estudos que advirten dos “efectos nocivos” que poden ter os móbiles nos rapaces e que son “acumulativos, a longo prazo”, derivados da penetración das ondas electromagnéticas.

Os folletos incorporan datos científicos e estatísticos segundo os que o 5% dos menores de nove anos ten acceso a un teléfono móbil, unha cifra que se eleva ó 35% no caso dos rapaces de nove a once anos, ó 71% nos de doce a catorce e ata un 90 por cento nos maiores de quince anos.